



**ACTA DÁ SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O
DÍA 27 DE ABRIL DE 2017**

No Salón de Sesións dá Casa Consistorial do Concello de Muras, o vinte e sete de abril de dous mil dezasete, reunese o Concello Pleno para celebrar, en primeira convocatoria, sesión pública ordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde DON MANUEL REQUEIJO ARNEJO e con asistencia dos Concelleiros:

DONA BELEN CHAO RAMIL
DON CARLOS CARBALLE PENABAD
DON MARIO ROUCO REI
DON JOSE DANILO REQUEIJO CASTRO
DONA ROSARIO CELIA REI LOPEZ
DON JOSE PAJON PENABAD

Dá fe do acto a Secretaria do Concello dona Silvia Lamelas Soto.

Sendo as vinte horas e sete minutos pola Presidencia declarase aberta a sesión, e antes de comezar a orde do día o Sr. Presidente di: como podedes ver temos nova secretaria titular dá praza, ela é Silvia e espero que para quedar moito tempo con nos. Darlle a benvida e que todo vaia ben.

De seguido, sometendose a debate e aprobación dos seguintes asuntos;

**1.- APROBACIÓN PROCÉDESE DÁ ACTA DÁ SESIÓN
ANTERIOR DO DÍA 23.02.2017**

Sr. Jose Danilo:

Non se nos entregou o acta.

Secretaria:

Pensei que xa a entregara Antonio, o anterior secretario.

Sr. Jose Danilo:

Pensamos que non haberá ningún problema pero é que non temos o acta.

Sr. Alcalde:

Na notificación dicíase que se podía ver en secretaria.
Cómo se pode resolver isto?

Secretaria:

Que quede a súa aprobación para a seguinte sesión.

Sr. Alcalde:

Posponse o punto e déixase para o seguinte pleno e fíxense na próxima notificación.

2.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS



Dada a proposición de recoñecemento extraxudicial de créditos que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda , por unanimidade (2 BNG e 1 grupo mixto) no seguinte sentido:

Vistas as seguintes facturas correspondentes á exercicios pechados, que importan a cantidade de DEZ MIL OITOCENTOS OITENTA E TRES EUROS E VINTE E SETE CÉNTIMOS (10.883,27€)

Nº REXISTRO	DATA ENTRADA	DOCUMENTO	DATA DOCUMENTO	IMPORTE	TERCEIRO	NOME TERCEIRO	APLICACIÓN
		33/2016	29.12.2016	2.173,00	33332305S	ANTONIO GANDYO FERNANDEZ	151-22706
		5.978/01	25.10.2016	580,80	B27171479	GARCIA E AVOGADO S.L.	920-22604
2017/32	23.02.2017	F/2016/065	31.12.2016	2.178,00	B15954829	STELLGUS S.L.	920-22604
		2016/3460	31.12.2016	1.122,51	A15379803	SOGMA S.A.	1623-22700
		11612-728	31.12.2016	242,00	B27000637	O PROGRESO DE LUGO S.L.	920-22602
2017/5	03.01.2017	12/16	30.12.2016	484,00	76412650A	ANTONI HERMIDA OROSA	231-22699
		4001941777	31.12.2016	370,98	A83052407	SOCIEDADE ESTATAL DE CORREOS E TELEGRAFOS S.A.	920-22201
		Q000001/2016	28.09.2016	10,40	44081714E	CRISTINA MARTINEZ RUJIBAL	920-22106
		Q000003/2016	31.12.2016	260,20	44081714E	CRISTINA MARTINEZ RUJIBAL	920-22700
2017/57	18.01.2017	1147	31.12.2016	1.068,79	33351815K	ANA BELEN OTERO BERMUDEZ	920-22700
		270	31.12.2016	964,68	B27278845	A BILLARDA	920-22700



						S.L.	
2016/1636	16.11.2016	0147914311		300,00	A60917978	AXA SEGUROS	920-22403
		FA1/37474	15.12.2016	208,80	B27013853	PLASTICOS FERRO S.L.U.	161-22699
		FA1/34545	14.11.2016	833,01	B27013853	PLASTICOS FERRO S.L.U.	161-22699
		FA1	31.12.2016	86,10	B27013853	PLASTICOS FERRO S.L.U.	161-22699

O principio de anualidade orzamentaria, recoñecido tradicionalmente pola doutrina, esixe que se imputen ó presuposto de cada ano soamente os gastos e ingresos derivados de adquisicións, obras ou servizos realizados dentro do mesmo exercicio orzamentario.

Atendido que non artigo 162 do Texto Refundido dá Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLHL), ó definir o Presuposto das entidades locais como “a expresión cifrada conxunta e sistemática das obrigacións que como máximo, podar recoñecer a Entidade, e os seus Organismos Autónomos, e dos dereitos que prevegan liquidar durante o correspondente exercizo,...” está recoñecendo dito principio de anualidade orzamentaria.

Considerando que no mesmo senso pronúnciase o artigo 2 do R.D. 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VIN do TRLHL.

Tendo en conta que tanto o artigo 163 TRLHL como o artigo 3 do RD 500/1990, ó definir o exercizo orzamentario, establecen:

“O exercicio orzamentario coincidirá co ano natural e a el imputaranse:

...b) as obrigacións recoñecidas durante o mesmo”.

E por último, no relativo ós gastos, os artigos 176.1 TRLHL e 26.1 do RD 500/1990, que recollen: “Con cargo ós créditos do estado de gastos de cada presuposto só poderán contraerse obrigacións derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen dentro do ano natural do propio exercizo orzamentario”.

Visto que o artigo 176.2 TRLHL establece unhas excepcións ó principio de anualidade e, posteriormente no seu desenvolvemento regulamentario, o artigo 26.2 do RD 500/1990 engade unha nova no seu apartado c) no seguinte senso:

“2. Non obstante o disposto no apartado anterior, aplicaranse ós créditos do Presuposto vixente, no momento do seu recoñecemento, as obrigacións seguintes:



...c) As obrigacións procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do presente Real Decreto.” (Art. 60.2 RD 500/1990: “Corresponderá ó Pleno dá entidade local o recoñecemento extraxudicial de créditos,...”).

Visto que o artigo 173 TRLRHL, dí que as obrigas de pago só serán exixibles dá facenda local cando resulten dá execución dous seus respectivos orzamentos, cos límites sinalados no artigo anterior, ou de sentenza xudicial firme, como é o caso.

Por todo elo, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- APROBAR o correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos das facturas correspondentes a exercicio pechado que importan a cantidade de DEZ MIL OITOCENTOS OITENTA E TRES EUROS E VINTE E SETE CÉNTIMOS (10.833,27€)

Terceiro.- Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas correspondentes á indemnización por enriquecemento inxusto de cada uns dos acredores relacionados con cargo a cada unha das partidas recollidas na relación.

Non obstante, o Concello Pleno acordará o que estime procedente.

Aberto o debate prodúcense as seguintes intervencións:

Sr. Alcalde:

Hai unha serie de facturas. Tema que levou a comisión de facenda respecto de facturas do ano 2016 para as cales había dotación económica pero as facturas entraron este ano e a normativa o a lei dí que teñen que ser aprobadas polo Pleno.

Non hai intervencións

Sometese o punto a votación

O Concello en Pleno, en votación ordinaria por sete votos a favor, acordan aprobar o dictame dá Comisión tal e como quedou transcrito.

3.- MODIFICACIÓN DE RALACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

Dada a proposición de modificación da relación de postos de traballo que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais, por unanimidade (2 BNG, 1 PP e 1 grupo mixto) no seguinte sentido:

Considerando que con data 17 de abril de 2017 e de conformidade coa Providencia de Alcaldía dá mesma data, aprobouse a modificación dá relación de postos de traballo de persoal creándose unha praza de traballador/a social e procedendo á nova valoración do posto de Secretaría-Intervención.



Considerando que de conformidade coa Providencia de Alcaldía de data 17 de abril de 2017 foi emitido Informe de Secretaría referente ao procedemento a seguir e á Lexislación aplicable non procedemento de modificación dá Relación de Postos de Traballo.

Considerando o proxecto de modificación dá Relación de Postos de Traballo incorporándose as correspondentes modificacións.

Considerando que en o Informe de Intervención de data 17.02.2017 queda acreditado que no Orzamento municipal vixente existe consignación suficiente e axeitada para atender as obrigacións económicas que se derivan dá modificación dá Relación de Postos de Traballo.

Realizada a tramitación legalmente establecida e visto o informe de Secretaría de data 18.02.2017, propónse ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación dá Relación de Postos de Traballo deste Concello, co texto que figura no expediente.

SEGUNDO. Expor ao público a mencionada relación, durante o prazo de quince días hábiles a contar desde o seguinte ao de publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial dá Provincia, durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións ante o Pleno. A modificación dá relación considerarase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non presentáronse reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

TERCEIRO. Unha vez aprobada definitivamente a modificación, a Relación de Postos de Traballo publicarase integramente no Boletín Oficial dá Provincia e remitirase unha copia dá mesma á Administración do Estado e ao órgano competente dá Comunidade Autónoma.

Non entanto, a Corporación acordará o que estime pertinente.

Aberto o debate producense as seguintes intervencións:

Sr. Alcalde

O terceiro punto da convocatoria é a modificación da relación de postos de traballo. Fíxose unha modificación da RPT respecto de dous postos. O primeiro, hai unha sentenza do ano pasado respecto da traballadora social na que se declara nulo o seu despedimento e di que o posto de Lorena, hai que recoñecerlle o carácter de temporal. Entón este equipo de goberno decide facer esta modificación da RPT e incluír o posto de traballadora social e doutra banda respecto do posto de tesoureiro que ata este momento o venia desempeñando un funcionario do Concello e que unha normativa na que se di que o posto de tesoureiro ten que estar ocupado por un habilitado nacional. Isto con carácter temporal, entón introdúcese o posto de tesourería que pasaría a ocupar Silvia.

Traballadora social iría a xornada completa e a de tesoureiro se tamén é a xornada completa.



Non hai intervencións.

Sometese ou punto a votación.

Ou Concello en Pleno, en votación ordinaria por sete votos a favor, acordan aprobar ou dictame dá Comisión tal e como quedou transcrito.

4.- MOCIÓNS DE URXENCIA

Sr. Alcalde:

O cuarto punto, xira en torno ao FCA e o Plan único da deputación de Lugo que polo montante hai que traer a Pleno. Antes de nada hai que votar a urxencia de tratar estes dous puntos. Estas circunstancias veñen por temas de prazos e por culpa dos proxectos que se atraso todo.

O primeiro que imos votar é a urxencia. Sometese ou punto a votación

Ou Concello en Pleno, en votación ordinaria por sete votos a favor, acordan a inclusión por uerxencia.

Sr. Alcalde:

A primeira cuestión sería o plan único da Deputación de Lugo que para o ano 2017 para o concello de Muras esta dotado de 269.498,97euros.

Antes de votar a proposta, vou falar disto. Este equipo de goberno decidiu repartir este ano o plan único da seguinte maneira:

Para o que viría sendo o pos para arranxos de vías municipais fíxose un proxecto de 144.848,31euros e outro de eficiencia enerxética porque había núcleos que polo montante non entraban aí. Fíxose outro proxecto que vai provocar que non queden núcleos sen luz pública, e este proxecto suma 44.478,66€, Montante total en obras e subministracións 189.326,97 euros.

Presentamos memoria para programa SAF na que a Deputación achegará 33.667,64 euros.

Volvemos presentar programa Depuemprego nas mesmas condicións que o ano pasado para un educador social, un arquitecto, un auxiliar administrativo e un peón de brigada o montante son 50.177,46 euros durante 6 meses, E por último, en programa de actividades culturais e deportivas, preséntase unha memoria para actividades deportivas de 5.000,00 euros, na que temos pensado organizar no concello un evento deportivo que sirva de referente no deporte como hai en moitos outros concellos. Un programa concreto de cantos de taberna que esa memoria supón 3000,00euros. Para a romaxe artesá da Chaira que faremos a finais de maio, presentamos outra memoria de 3.000,00euros. Para a feira do mel outra de 3000,00 euros.

E estas son as actuacións que inclúe este equipo de goberno no plan único que trae aquí a este Pleno. As actuacións que nós temos programadas dentro do que son as obras do POS sería a seguinte listaxe: vanse a mellorar os accesos en Rebordelos, acceso en Aborbó, Santar, Portonovo, Carregal, Aguillal, curral en Cotelo, nas Cuiñas de Abaixo, camiño dá Cabana, camiño Ás Cuiñas, acceso en Sabucedo, curral en Ameixeiras, curral non Pico, acceso na Armada, acceso curral Armada de baixo, acceso en Suaschousas, camiño de Devodas

Estas son as obras que se presentan dentro do POS.

Aberto ou debate producense as seguintes intervencións:



Sr. José Danilo

Había 5000 euros que sobran e que se pasou ese diñeiro ao programa de axuda no fogar. Estamos de acordo.

Sr. Mario Rouco:

Doulle a benvinda a Silvia e esperamos que quede por moito tempo e que agora consigamos empezar a traballar máis rápido. En canto ás obras, son unhas cantas e esperemos que por prazos nos de tempo a facer todas no prazo que dá Deputación.

Sr. Alcalde

Un matiz con respecto ao Plan Único, as cantidades non as establecemos nós senón que desde a Deputación, dentro das bases obríganos a que o 50% deses 269.498,97 euros vaia a obras; dedicar a mesma cantidade ao programa de DEpuemprego, a mesma cantidade ao SAF e en deportes e feiras tamén hai un límite no gasto. Estas cantidades veñen establecidas e adaptámonos a elas.

Sometese a seguinte proposta a votación:.

1. Participar non PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN DÚAS CONCELLOS 2017 dá Deputación de Lugo, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación dá achega asignada a este Concello aos seguintes obxectos:

a. OBRAS E SUBMINISTRACIÓNS

OBRA OU SUBMINISTRACIÓ	TOTAL CUSTO	ACHEGA DEPUTACIÓ	ACHEGA CONCELLO
POS 17. VÍAS MUNICIPAIS	144.848,31	130.175,21	14.673
EFICIENCIA ENERXÉTICA	44.478,66	44.478,66	0
TOTAL DESTINADO A OBRAS E SUBMINISTROS	189.326,97	174.653,87	14.673

b. PROGRAMA SAF

PROGRAMA SAF	ACHEGA DEPUTACIÓ
	30.667
TOTAL DESTINADO SAF	30.667

c. PROGRAMA DEPUEMPREGO

PROGRAMA DEPUEMPREGO	ACHEGA DEPUTACIÓ
	50.177
TOTAL DESTINADO DEPUEMPREGO	50.177



d. PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS

PROGRAMA ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
ACTIVIDADES DEPORTIVAS	5.000	
CANTOS DE TABERNA	3.000	
TOTAL DESTINADO ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS	8.000	

e. PROGRAMA EVENTOS TURÍSTICOS, FEIRAS, MERCADOS E OUTROS

PROGRAMA EVENTOS TURÍSTICOS, FEIRAS, MERCADOS E OUTROS	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
ROMAXE ARTESÁ 2017	3.000,00	
FEIRA DO MEL 2017	3.000,00	
TOTAL DESTINADO EVENTOS TURÍSTICOS, FEIRAS, MERCADOS E OUTROS	6.000,00	

2. Aprobar vos proxectos das obras e/ou vos pregos das subministracións incluídas na solicitude de participación e que se relacionan neste anexo.
3. Declarar que ou Concello ten a dispoñibilidade dous terreos, augas e servidumes para a execución dous investimentos, e que ten resolto ou en trámite todo ou relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.
4. Comprometerse ou concello a incluír non orzamento municipal do 2017 vos fondos necesarios para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos non Plan Único.
5. Declarar que ou Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención ou axuda doutras Administracións públicas ou entidades privadas para ou financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan Único, e non caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións achédase detalle dá cada unha delas, acreditándose que á súa suma non supera ou 100% do custo.
6. Autorizar a Deputación de Lugo a obter as certificacións dá Axencia Estatal dá Administración Tributaria e dá Tesourería dá Seguridade Social nas que se acredite que ou Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
7. Facultar expresamente á Alcaldía para todo ou relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e vos correspondestes expedientes.

Non obstante, ou Pleno acordará ou que estime oportuno.

Ou Concello en Pleno, en votación ordinaria por sete votos a favor, acordan aprobar a proposta transcrita.

Sr. Alcalde



O Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2017. Aínda que no pasado pleno xa se falou dos proxectos que traíamos hai un dos proxectos que é o de mellora de eficiencia enerxética que é o de iluminación en núcleos rurais do concello que supón 199.611 euros esta cantidade supón máis do 10% do orzamento co que conta o concello e o alcalde non teñen competencias para executar esta obra e entra nas competencias do pleno, motivo polo cal se trae esta cuestión aquí.

Agora só un repaso por encima. Lembrar que o montante que ten o concello de muras para o FCA 535.627,61€ e os proxectos que se presentaron son:

Proxecto para contratación de persoal: 67.422,20€; Mellora drenaxe de pluviais en vías municipais: 61.932,06€; Execución dun punto limpo: 61.984,32€; Obras na rede de abastecemento de augas municipais: 26.350,98€; Adquisición dunha rozadora: 10.187,53€; Proxecto de eficiencia enerxética: 199.611,00€; Edificio da aula da natureza: 108.139,52€

Hai que votar o adherirnos ou aceptar a subvención.

Pásase a palabra aos portavoces da oposición que non manifestan nada.

Ou Concello en Pleno, en votación ordinaria por sete votos a favor, acordan a adhesión ao Fondo de Compensación Ambiental.

5.- RESOLUCIÓNS DÁ ALCALDÍA

Dáse conta

Sr. Alcalde:

Aquí quero facer unha mención a que esta semana fun citado no xulgado por dúas causas abertas contra o anterior alcalde respecto de como se contrataba o persoal no Concello, sen seguir ningún criterio obxectivo, nin de publicidade, igualdade, criterios que de ben seguir á hora do acceso á función pública e hai unha causa aberta contra el e o principio o concello acudiuse como prexudicado nesta cuestión. E por último hai outra causa na que fomos citados que é a de emitir decretos e licenzas outorgados polo alcalde a si mesmo. Neste caso tamén o concello acudiuse como prexudicado.

Pasa a palabra ao Sr. Mario Rouco que manifesta que non quere falar porque se non acabamos aquí máis dunha hora.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Jose Danilo:

Queremose que sempre haxa unha columna de nichos libre no cemiterio municipal e outra para as urnas ou columbarios. Para a xente que non está aquí pero que naceu aquí, pois ten os mesmos dereitos de estar aquí que nós.

E outro punto é a captación de auga en Irixoa e o depósito de captación, que aquilo leva area e de todo. Aquilo non é auga, vén area e de todo. Que se poña un depósito de captación.



Sr. Alcalde:

Con respecto ao tema do cemiterio municipal, hai un proxecto feito para facer unha reforma. A xestión non era a correcta xa que se facían enterramentos no cinceiro cando non se pode e estamos a tentar corrixir iso. O técnico que está co proxecto trasládanos que hai unhas deficiencias a nivel estrutural dunha das partes que hai que arranxar, e logo hai outra cuestión de espazo pero que estamos a tentar liquidar por algúns casos que se nos deron aquí o tema de engadir algunha columna a maiores.

Respecto da auga en Irixoa, no proxecto que temos feito non se se aparece algún depósito decantación; o certo é que a traída de auga municipal esta en moi mal estado e non se pode dedicar, ano tras ano se para a mellora e para modificar a situación das distintas liñas de auga, pero ben, entendo que hai que facer unha xestión eficaz dos recursos públicos, e hai moitas cuestións nas que investir. Non significa que non se invista nisto pero a traída de auga de Irixoa non é tan antiga e ter que volver facer obras supoñerá moito diñeiro porque calquera actuación que se faga no referido ao abastecemento de augas non son pequenas e supón moito diñeiro.

Sr. Mario Rouco:

O dos nichos se e o das problemáticas exclusivas. Penso que hai que facer unha serie de arranxos no cemiterio municipal porque o seu estado é bastante lamentable. Ten fallos estruturais. Se que se nos trasladou a problemática dos nichos. Na medida do posible imos solucionar ese tema.

En canto ao abastecemento de Irixoa temos un proxecto que xa vén dun proxecto anterior e é o que se necesita para a regularización para que a Xunta regularice a situación das traídas de auga. A primeira actuación xa se iniciou co mandato de Pepe Souto e é a única da que a Xunta ten constancia. O resto das traídas, hai longo e tendeu para contar de como se fixeron e como non.

Agora outro tema, e é que onte nos reunimos coa conselleira de medio rural. Nós tivemos reunión moi cordial. Aí trasladámoslles todos os temas que temos no medio rural. Alí falamos dunha chea de problemas: de catastro que non son competencias directas da Xunta, prevención de incendios, limpeza casas abandonadas, limpeza de ríos, consorcio, problemática delo eucalipto, dos maderistas, vespora, polilla, ataques de lobos, e moitas máis cousas. E como último e máis importante o que eles chaman o apoio desenvolvemento non rural. Aínda que nós dixémoslle que non o vemos tan claro como o ven eles porque nós temos claro que o desenvolvemento rural faise se realmente tense base territorial para facerse pero se catastro está como está aquí en muras a base territorial é nula, non existe. Por parte da Xunta ao parecer hai un proxecto.

Tamén falamos da aldea etnográfica para tentar facer nela un proxecto coa xunta para o que ela o chamou que son os AGACAN centros de calidade agroalimentaria. Son centros de investigación.

Tamén lles falamos das feiras e festas, como a feira do poldro que queremos que despois de 30 anos convértase en feira de interese turístico galego, porque é algo singular que non hai no resto dos sitios. Así que pido o apoio do partido popular.

Sr. Alcalde:

Se, reunímonos coa conselleira, e fomos ben recibidos e escoitáronnos todos estes puntos. Eu só resaltaría dúas cuestións nas que ela se mostrou moi interesada. Un é o



tema dos montes da Gañidoira e Fraga de Ximarás pola problemática que hai respecto diso desa débeda. A impresión que tiven, e que por certo cuestión que ela descoñecía, este equipo de goberno quere retirar do inventario municipal eses montes, pero hai outra cuestión a maiores que se non pode asumir o concello e que é o criterio que nos é transmitido por calquera secretario que pasou por aquí, e é que o concello non ten nada aí. Nesta situación con esa débeda, a Conselleira dixo que ela vía viable. E nós dixémoslle que todos os partidos estabamos de acordo en que a xunta asumise a débeda.

Sr. Jose Danilo:

O 16.09.2015 entrou a moción do grupo popular da cancelación do consorcio do monte da Gañidoira. E o 23.10.2015 o da fraga do Ximarás.

Sr. Alcalde:

Somos conscientes

Sr. Jose Danilo:

Isto pedímolos nós e témolos que defender como sexa. O que non entendo é como o concello non pode pagar nove mil...

Sr. Alcalde:

Esas cifras non son exactas, Nós non manexamos esas cifras. As cifras que nos trasladan a nós como concello son outras. Sexa como fose a conselleira dixo que estudase esta cuestión, que o van a levar desde Santiago e que llo trasladaría á asesoría xurídica da Xunta. Nós entendemos, e cos informes que temos, que o concello non pode asumir esa débeda e que máis quixésemos nós que facernos cargo desta débeda, pero non podemos. Así que non nos imos a saltar a Lei. Se asume a débeda a Xunta, pois entón fantástico.

Isto por unha banda, eles desde o principio dixo que o ían a levar dense Santiago, e despois a outra cuestión é o tema da colaboración coa consellería de medio rural da Xunta tanto na feira do mel como na feira do poldro. É como dicía Mario, na feira do poldro estamos na edición 30 e imos tentar buscar a cualificación de feira de interese turístico galego. A partir dos 15 anos cando algo é específico, singular, xa poderíamos optar a esta cuestión. Daríanos unha subvención a Xunta todos os anos creo que de 3.000,00€ e é diñeiro que se está perdendo e creo que pola singularidade da feira do poldro podemos entrar. Hai unha cuestión obxectiva de datos pero creo que tamén é unha cuestión política. E é que nesta cuestión temos que contar co voso apoio, Danilo. Que vós tamén faledes coa conselleira ou quen corresponda para que nos apoie nesta cuestión de converter a feira do poldro en feira de interese turístico galego.

Este ano ela valorou a posibilidade de participar na feira como Xunta de Galicia e o que nos trasladou é que fixésemos unha proposta e en función da proposta que fose singular, única, distinta, que non fose só comer e beber, pois que mirarían de colaborar connosco. E o mesmo trasladámoslle para a feira do mel de montaña. En principio a súa recepción foi positiva. Desde aquí só pido Danilo, que trasladedes algo nesta liña á xente do voso partido.

Sr. Jose Danilo:



A conselleira é unha muller sensible e sabe o que é unha explotación gandeira. Dos montes da Gañidoira o que quero que quede o monte libre. O monte é dos paisanos e para iso pelexamos. Págueo quen o pague, pero que quede libre e que os paisanos poidan gozar do. Ao meu informáronme que os particulares non podían pagar esas débeda, e son 55 que somos os que fomos ao contencioso. Quen entregou os montes foi o concello e o que os ten que liberar é o concello

Sr. Alcalde:

Ben Danilo, isto dá para outro Pleno. O concello entregou os montes sen ter a representación, sen ter nada. E o mesmo sucede agora, o concello non pode dicir que é a representación dos veciños porque non o é. Ninguén nola deu nin antes nin agora, entón son cuestións de matices. O concello non é quen ten a débeda. Quen ten as débedas, máis que pésenos, son os veciños, e son os que a teñen que asumir. Entendo que como cuestión de xustiza social, quen ten que asumir a débeda é a Xunta porque foi a que asumiu os consorcios. Cando teñamos o informe asinado e cando o tema estea máis avanzado, faremos un pleno e o primeiro paso será retirar do inventario municipal os montes da Gañidora.

Sr. Danilo:

Polo 80 ou así, xa se fixo unha reclamación á Xunta,

Sr. Alcalde:

Asumímonos iso.

Sr. Mario Rouco

Isto xa vén de hai anos. Xa falamos que o queremos descatalogar, quitalo do inventario municipal, e o pago dunhas taxas, dunha débeda. O que nos informan a nós é que non temos potestade para pagar a uns privados. Iso sería unha prevaricación. Así que tranquilamente descatalogar e pago das taxas.

Sr. Alcalde:

Dáse por conclusivo o Pleno.

E non habendo máis asuntos que tratar ou Sr. Presidente levantou a sesión as vinte horas e corenta e oito minutos, dá que se extende a presenta acta que asina comigo, de todo ou que, como Secretaria, dou fe

O PRESIDENTE

A SECRETARIA